


VENRES 19 DE FEBREIRO-20:30 H "O Premio" de La Quintana

+13

TEATRO
Con entrada
4 e 3 €
Duración: 90'



Comedia aceda, dirixida por **Marián Brañobre**, que fala da situación das persoas dentro dun futuro próximo no que o progreso tecnolóxico e a loita cara ao éxito económico, sentimental e social fose tal, que se viron obrigadas a caer en "O Premio" como única fórmula de conseguir a felicidade. O PREMIO é un reality en directo onde o público vota a quen merece levar o premio da súa vida: "Morrer logrando a fama. Todo por un soño". Tres finais posibles en función do desexo do público. En escena: **Raquel Espada, Victoria Teijeiro e Xurxo Cortázar**.

VENRES 26 DE FEBREIRO-20:30 H "Curva España" de Chévere

+16

TEATRO
Con entrada
4 e 3 €
Duración: 90'



Curva España trata sobre un crime aparentemente sen resolver na comarca de Verín (Ourense), unha morte violenta que provoca sospeitas e interrogantes sobre os seus autores, motivacións e consecuencias. A partir da existencia de distintas versións sobre o caso, Chévere artellou unha peza que **ironiza sobre o formato documental combinando teatro e cine en directo**, bebe do xénero **policial** e funciona como unha **alegoría** da construción do estado nación español coma se fose a promesa dun tren que nunca chegou. Porque a esta zona afastada España apenas chegou en forma de mito, e o mito fala da súa morte nunha curva.
En escena: **Patricia de Lorenzo, Miguel de Lira, Lucía Estévez e Leti Blanco**.

VENRES 5 DE MARZO-20:30 H "Feminísimas" de Ste Xeito Producións

+13

TEATRO
Con entrada
4 e 3 €
Duración: 75'



Un Congreso Feminista. Tres amigas que se reencontran e que teñen 3 maneiras distintas de entender o "feminismo": radical, liberal e teoría queer. Feminísimas é unha peza con altas doses de humor, ironía e complicidade para poñer a amizade a proba. Análise, dende a comedia, sobre este novo mundo feminista no que nos atopamos mergulladas. Unha maneira de rimos de nós mesmas, das nosas incongruencias e sobre todo do espazo que separa a teoría pura da práctica diaria. En resumo: unha comedia negra... moi violeta. En escena: **Stephy Llaryora, Esther F. Carrodegas e Noelia Blanco**.

VENRES 12 DE MARZO-20:30 H "5º Festival de primavera"

+13

POESÍA
Con invitación
Duración: 50'



Con motivo do Día Mundial da Poesía, o escritor **Alfredo Ferreiro Salgueiro** organiza e presenta un "Recital poético" no que participarán poetas e xoves intérpretes musicais pertencentes á Escola Municipal de Música de Arteixo.

DO 19 DE XANEIRO-5 DE FEBREIRO "Exposición de pintura intuitiva" de Maribel Castiñeira



Deputación
DA CORUÑA

galicia



Xacobeo 2021



CARTELEIRA DE INVERNO

XANEIRO FEBREIRO MARZO DE 2021

AUDITORIO E SALA DE EXPOSICIÓNS

Centro Cívico Cultural de Arteixo

www.artaixo.org / cultura@artaixo.org / 981641803

Venda de entradas: na billeteira do CCC de Arteixo o día da función en horario de 11:30-13:30 ou 2 h antes do seu comezo até completar a capacidade da sala que as autoridades sanitarias permitan.

Distribución de invitacións: na billeteira do CCC de Arteixo 1 h antes do comezo da función até completar a capacidade da sala que as autoridades sanitarias permitan.

*Esta programación poderá sufrir variacións

VENRES 8 DE XANEIRO-20:00 H

"No país do vento" de Charo Pita

PF

MÚSICA/TEATRO
Público familiar
Con entrada:
4 e 3 €
Duración: 60'



No país do vento é levado á escena en forma de concerto acompañado de algún pequeno elemento teatral que fan da peza unha delicia visual. **Charo Pita** e **María Faltri** serán as encargadas de conducir este espectáculo musical totalmente en galego que nace baixo dúas grandes premisas: a da igualdade de xénero, e a da música en galego. A través das súas personaxes iremos descubrindo o por qué.

VENRES 22 DE XANEIRO-20:00 H

"Ris Ras" de Baobab Teatro



TEATRO
Público infantil: 1-8 anos
Con entrada: 3 e 2,25 €
Duración: 45'

Ris Ras é un espectáculo pensado para enredar, rir e bailar, un espectáculo musical e teatral para as/os máis pequenas/os da casa onde a palabra e as brincadeiras están presentes para levarnos á tradición oral galega. En escena temos a dúas mulleres (**Iria Piñeiro** e **Ailén Kendelman**) que nos farán sentir todo tipo de emocións, risas, tenrura, maxia, acollemento, intriga... pero sobre todo, dun momento maravilloso en familia.

VENRES 5 DE FEBREIRO-20:30 H

"Camiños" de Odaiko Krea

TP

MÚSICA TRADICIONAL
Todos os públicos
(+3 anos)
Con entrada: 6 e 4,50 €
Duración: 90'

Unha viaxe polos distintos Camiños de Santiago. Un percorrido polas súas lendas e músicas por onde pasan que pretende por en valor a nosa música e canto e mostrar a riqueza paisaxística e monumental de Galicia. **Setestrelo** é un grupo musical e vocal con instrumentos tradicionais, voces e instrumentos de percusión populares. Esta agrupación forma parte, xunto cos grupos de cantareiras **Xerfa** e **Xirifeiras**, o grupo de baile **Cambadela** e o **TradiCoro**, da entidade **Airiños de Fene**.



VENRES 15 DE XANEIRO-20:00 H

"Os nenos da variola" de Pérez & Fernández



TEATRO
Infantil + 8 anos
Con entrada: 3 e 2,25 €
Duración: 60'



Pérez&Fernández en Coprodución co Centro Dramático Galego presenta a adaptación á escena da novela de **María Solar** "**Os Nenos da Variola**". Unha peza teatral con altas doses de realidade histórica, tenrura e humor que toma como eixe central a vida dos nenos da Casa de Expósitos da Coruña e como chegaron a ser os heroes da Real Expedición Filántropica da Vacina, na que a súa heroína máis esquecida convertíuse nun dos piares máis importantes da expedición, a reitora da Casa dos Expósitos, **Isabel Zendal**.

VENRES 29 DE XANEIRO-20:00 H

"Galego: maxia" do Mago Dani Polo

TP

MAXIA
Todos os públicos
(+3 anos)
Con entrada: 3 e 2,25 €
Duración: 50'



Espectáculo didáctico onde grazas á maxia se pon en valor a diversidade lingüística e territorial do noso país. A través de diferentes ilusións, humor e sobre todo, moita participación do público, descubriremos xuntos o poder máxico que agocha a lingua galega.

VENRES 12 DE FEBREIRO-20:30 H

"O mel non caduca" de Ibutrofeno Teatro

+16

TEATRO
Público adulto
Con entrada: 3 e 2,25 €
Duración: 75'



O mel non caduca é un espectáculo biodegradable e ecosostible, interpretado por **Marián Brañobre** e **Avelino González**, xestado a partir dun proceso de creación colectiva, arredor da relación do ser humano cos obxectos, da degradación ecolóxica do planeta por mor da perversa lóxica consumista do capitalismo e da obsolescencia programada, tanto dos produtos como das persoas.